

ESQUEMA DE TRABALLO EN PLÁSTICA. 1º DE E. PRIMARIA

EQUIPO DOCENTE: PLÁSTICA

MATERIAIS:

- Material específico da aula de plástica.
- Recursos audiovisuais e material multimedia.
- Materiais de refugallo que traerá o alumnado e, nalgunhas ocasión tamén o mestre.

PLAN DE TRABALLO:

- Introducción con vídeos/flashcards, xogos... a temática e vocabulario que se vai traballar.
- Presentación da actividade que se faga. A materia de plástica desenvólvese na lingua inglesa (agás nalgúns intres nos que o alumnado poida non entender o que está a dicir o mestre); por iso, o alumnado ten que prestar atención, escoitar e mirar ao mestre xa que usará a expresión corporal, a lousa dixital e a pizarra para dar moitas indicacións da actividade a realizar.
- As actividades estarán relacionadas co proxecto do colexio que, neste ano académico 2023-2024 versará sobre **os xogos tradicionais**. Haberá actividades coma fichas para corear relacionados cos mesmos e, tamén tense pensado ao longo do curso facer, con material de refugallo algún xogo deste tipo (ex.: taboleiro de xadrez ou damas, trompos, fichas para a mariola...).
- Tamén e como xa ven sendo habitual nos derradeiros tempos no noso centro, traballaremos a pintores de todo o mundo, un por trimestre, sendo por orde cronolóxica os seguintes: Pollock, Jorge Peteiro e Kandinsky.
- Traballarase un pintor por trimestre, relacionando unha obra de forma individual e unha actividade grupal.
- Faranse manualidades, en ocasións, con materiais de refugallo, para concienciar ao alumnado na reciclaxe e o coidado do noso planeta.
- Ao final de cada sesión, o alumnado xunto co mestre deixaran a aula recollida.
- Gardarán a súa tarefa nunha carpeta de plástico, que levarán para a súa casa ao final de curso.

CONTIDOS:

- Os bloques de contidos son: educación audiovisual e expresión artística. Estes traballaranse de xeito global ao longo dos tres trimestres, sempre de forma gradual.

BLOQUE 1. EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE	BLOQUE 2. EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> ○ Observación e descrición das obras artísticas no contexto, exposicións e museos, e comentarios posteriores sobre elas. ○ Valoración e respecto polas obras plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Fases do proceso: planificación guiada e orientación. ○ Valoración e interese tanto polo proceso como polo produto final. ○ Comportamento adecuado na creación e interpretación de propostas plásticas.
BLOQUE 3. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE	BLOQUE 4. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> ○ Descubrir producións audiovisuais de diferentes xeneros. ○ Descrición oral e gráfica de producións audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Compartir as experiencias creativas dalguna expresión audiovisual. ○ Inicio do uso da imaxe e do son, con programas adecuados de debuxo de maneira guiada. ○ Valoración e interese polo produto final

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- A observación directa no día a día, a escala de observación o rexistro anecdótico persoal, e os intercambios orais serán os instrumentos que determinen o grao de consecución dos obxectivos.

BLOQUES DE CONTIDO	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	%
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE	<ul style="list-style-type: none"> • Escala de observación. • Intercambios orais co alumnado. • Rexistro anecdótico 	25
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Escala de observación • Intercambios orais co alumnado. • Rexistro anecdótico- 	25
EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE	<ul style="list-style-type: none"> • Escala de observación. • Producións do alumnado. • Rexistro anecdótico 	25
EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Escala de observación. • Producións do alumnado. • Rexistro anecdótico 	25